

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE OUTUBRO DE 2008**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**Lap/17/08.- Fundosa Lavanderías Industriales, S.A.-** Reforma de nave industrial e apertura de lavandería en Vías Pasteur núm.17 do Polígono Industrial do Tambre.-

**Lap/236/06.- Transportes y Excavaciones Arines, S.L.-** Construcción e apertura de nave adicada a oficinas e taller de maquinaria de empresa de transportes e movemento de terras no polígono Costa Vella, Amio, parcela 80 do SUNP-37.-

#### **APERTURAS.-**

**Lap/470/06.- Mirador Fontiñas Sociedad Cooper. Galega.-** Funcionamento de garaxe de comunidade na Avda de Lugo núm.120 C, D, E, F, e R/ Costa do Vieiro núm.5.-

**Lap/52/05.- Casa Sanguín, S.L.-** Apertura de café-bar-restaurante en Costa de San Domíngos, 2-Baixo.-

**Lap/419/07.- Pastelería Aldayra SC.-** Apertura de pastelería en Rúa Basquiños núm.13-15- Baixo.-

**6 a 11.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmóviles e no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Concédense os devanditos beneficios.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa ás obras de remodelación do Mercado de Abastos de Santiago.**

Acórdase poñer a disposición do Ministerio de Vivenda os terreos e instalacións da Praza de Abastos de Santiago, dos que o Concello ten o pleno dominio, para a execución das obras incluídas no proxecto de remodelación da praza. Inversións:

- Ministerio de Vivenda (50%): 2.530.644,45 euros.
  - Consellería de Innovación e Industria: (22,45%): 1.136.285,78 euros.
  - Concello de Santiago (27,55%): 1.394.358,67 euros.
- Total: 5.061.288,90 euros. (Nas anualidades 2008 e 2009)

**13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda relativa á resolución dos recursos de reposición interpostos contra a aprobación definitiva do proxecto de expropiación do SUNP-5. (A MUIÑA).**

Dáse conta das alegacións estimadas e desestimadas.

**14.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación da relación dos titulares dos inmóviles 5 e 6 das Praterías, no proxecto de expropiación da CASA DO CABILDO.**

Apróbase definitivamente o expediente de expropiación da Casa do Cabildo.

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á contratación do subministro de perfiles e anclaxes para o edificio destinado a CENTRO DE RECURSOS E SERVIZOS INTEGRAIS DE APOIO Á EMPRESA.**

Adxudícase o subministro de perfilería e anclaxes para a obra de construcción do edificio do CERSIA á empresa STROW SISTEMAS, por un importe de 17.694 euros.

**16.- Adxudicación provisional do servizo de dirección facultativa superior das obras de construcción dun pavillón polideportivo en FONTIÑAS.**

Adxudícase provisionalmente o traballo de referencia á empresa TERAN Y BLANCO TALLER DE ARQUITECTURA, SLP, por importe de 48.024 euros.

**17.- Adxudicación provisional servizo de dirección de execución media das obras de construcción dun pavillón polideportivo en FONTIÑAS.**

Adxudícase provisionalmente o traballo de referencia a Santiago Rey Conde, por importe de 48.087 euros.

**18.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do arrendamento de carrozas para a Cabalgata de Reis 2009.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose o tipo de licitación en función dos seguintes lotes:

-lote 1: 4 carrozas para a cabalgata xeral, 24.310,34

-lote 2: 3 carrozas de fantasía, 16.000 euros.

(cantidad sen IVE).

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da liquidación das actividades do concurso de escaparatismo de Nadal.**

Apróbase a liquidación da actividade "execución premios do concurso de escaparatismo edición Nadal" coas seguintes cifras:

- gastos aprobados: 14.392,37 euros

- gastos realizados: 14.392,37 euros

**21.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da XVI edición dos premios VAGALUME.**

Apróbase a realización da XVI edición dos premios Vagalume e un orzamento de 4.572,34 euros.

**22.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Secretariado Xitano.**

Dáse conta do devandito convenio polo que o Concello achega a cantidad de 19.700 euros.

**23.- Dar conta da concesión da subvención da "AGENCE EUROPE-EDUCACIÓN - FORMACIÓN FRANCE" para o proxecto LEONARDO "AIDANTS FAMILIAUX".**

Dáse conta dunha axuda concedida ao Concello por importe de 46.137 euros.

**24.- Dar conta da concesión de subvención para a "Acción Educativa na rúa e familias en situación de ruptura".**

Dáse conta dunha subvención por parte da Deputación da Coruña por importe de 41.978,25 euros.

**25.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Comercial Compostela-Hipercor para as festas do Apóstolo 2008.**

Dáse conta do convenio polo que Hipercor achega 9.000 euros para a celebración do Día do Traxe Galego, dentro das Festas do Apóstolo.

## URXENCIAS:

- 1.- Apróbanse as bases para o nomeamento dunha coordinador/a para o programa Urbana Santiago Norte, 2007-2013.
- 2.- Recoñécese a execución das actuacións de modificación das obras de reforma da iluminación nas rúas Pelamios, Morón, Carballo Calero, Parque San Francisco, Parque Morón e rúa Vista Alegre, que se liquidan por un importe de 10.582,84 euros con cargo á partida fixa contemplada no contrato de xestión da iluminación municipal.
- 3.- apróbase a xustificación dos gastos correspondentes ao convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e o Concello para a realización do Festival de Ilusionismo e do Ciclo de Sons da Diversidade.
- 4.- apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a Sala Nasa, polo que a entidade municipal fai unha achega de 60.000 euros.
- 5.- apróbase a realización do concurso de carteis e programa de nadal 2008 e un orzamento de 5.774,60 euros.
- 6.- dáse conta da concesión dunha serie de actuacións musicais e teatrais dentro da Rede Cultural da Deputación.
- 7.- adxudícanse a contratación do programa de prevención de drogodependencias CINENSINO para o curso 2008-2009 é empresa ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, SL, por importe de 29.946 euros.
- 8.- apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación das obras de rehabilitación da rede de saneamento na rúa Ricardo Carvalho Calero, por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 186.582 euros.
- 9.- apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación das obras de ampliación do cinturón de abastecemento en Vídán, por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 110.294 euros.
- 10.- adxudícase o servizo de levantamento de planos do estado actual e redacción do proxecto básico e executivo das obras de remodelación do edificio sito na rúa García Prieto números 9-11 para adaptalo ao proxecto licenciado á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por importe de 15.903 euros.
- 11.- apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o expediente para a contratación do servizo para completar a elaboración do inventario informatizado sobre a base dun catastro previamente revisado dos bens e recursos que integran o patrimonio municipal do solo do Concello, por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 24.000 euros e un prazo de duración de nove meses e medio.
- 12.- apróbase a concesión de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado do ano 2008 por un valor total de 262.999 euros a un total de 48 clubes.

13.- adxudícase o suministro de granito gris mondariz para a obra de construcción do edificio do Centro de Recursos e Servizos Integrais de Apoio á Empresa (CERSIA) á empresa PEDRANOR, por un importe de 17.994 euros.

14.- apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como o inicio do expediente para a contratación do suministro de uniformidade para o persoal do servizo de extinción de incendios por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 48.798 euros.

15.- acórdase a prórroga do contrato do seguro de asistencia sanitaria para o persoal funcionario do Concello subscrito coa entidade LA UNIÓN MADRILEÑA DE SEGUROS, SA polo período dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2009 e ata o 31 de decembro de 2009.